

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 11 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto de instalación de valorización de residuos de construción e demolición (RCD) no lugar do Alto do Confurco, na parroquia de Saiar, no concello de Ponteareas (Pontevedra) (expediente 2019/0135).

De conformidade co artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise público o informe de impacto ambiental do 11 de maio de 2020 do proxecto de instalación de valorización de residuos de construción e demolición (RCD) no lugar do Alto do Confurco, na parroquia de Saiar, no concello de Ponteareas (Pontevedra) promovido por Reciclajes Medioambientales Galicia, S.L.

Este informe poderase consultar na ligazón:

<https://cmatv.xunta.gal/resoluciones-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n, planta baixa).

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2020

María Cruz Ferreira Costa
Directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

CVE-DOG: nwbpoz7-7ox3-zsn8-oo90-sdkqwt0w0j9

